

**Procedemento para a elaboración do Plan  
de Organización Docente 2015/2016**

**(Aprobado en Consello de Goberno do 29/01/2015)**

1989  
2014



UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA

## ÍNDICE

---

1. Consideracións previas
  - 1.1. Política de contratación
  - 1.2. Profesorado laboral con 65 ou máis anos
  - 1.3. Ano académico para os efectos de xubilación do PDI
2. Elaboración do encargo docente do centro
  - 2.1. Disposicións xerais
  - 2.2. Mencións/Itinerarios/Especialidades
  - 2.3. Grupos de titorías en grupo reducido
  - 2.4. Computo de disciplinas optativas
  - 2.5. Docencia en materias básicas
  - 2.6. Computo das disciplinas nos estudos de Mestrado
  - 2.7. Novos mestrados que teñan previsto o seu inicio no curso 2015/16
  - 2.8. Prácticum en titulacións adaptadas ao EEES
  - 2.9. Comunicación da finalización do encargo docente
3. Asignación do encargo docente polos departamentos
  - 3.1. Obrigas docentes do profesorado
  - 3.2. Obrigas de titoría do profesorado
  - 3.3. Criterios para levar a cabo as titorías
  - 3.4. Principios xerais de asignación do encargo docente
  - 3.5. Docencia durante o primeiro cuatrimestre
  - 3.6. Materias de plans de estudos en extinción
  - 3.7. Desprazamento por docencia a outra localidade da de destino
  - 3.8. Prácticum en titulacións adaptadas ao EEES
  - 3.9. Comunicación da finalización da asignación do encargo docente
4. Xestión e aplicación da normativa de dedicación do 28/11/2014
  - 4.1. Disposicións xerais
  - 4.2. Dedicación Académica (DA)
  - 4.3. Encargo Docente
    - 4.3.1. Dirección de Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Mestrado (TFM)
    - 4.3.2. Membros das Comisións de Avaliación dos TFG ou TFM
    - 4.3.3. Titorización Académica de Prácticas Externas Optativas en Empresas e outras Institucións
    - 4.3.4. Dirección de Teses de Doutoramento
    - 4.3.5. Docencia en Galego/Inglés

#### 4.4. Compensacións e Reducións Docentes

4.4.1. Por Actividades de Xestión Universitaria (AXU)

4.4.2. Representación Sindical do PDI

4.4.3. Recoñecemento como apoio á actividade docente dos centros (RAADC)

4.4.4. Méritos docentes

4.4.4.1. Avaliación positiva no programa DOCENTIA

4.4.4.2. Quinquenios

4.4.5. Actividades de Intensificación en Investigación e Transferencia (AIIT)

4.4.5.1. Participación en proxectos de investigación de carácter competitivo

4.4.5.2. Presentación de proxectos ás convocatorias do programa H2020

4.4.5.3. Participación en contratos con entidades que reverten fondos á UDC

4.4.5.4. Coordinación de grupos de investigación

4.4.6. Méritos de investigación (MI)

4.4.6.1. Profesorado permanente a tempo completo e dedicación igual a 320 h

4.4.6.2. Catedráticos/as de Universidade con tres avaliacións positivas da actividade investigadora

4.4.6.3. Avaliación da ANEP dos/as investigadores/as da UDC

4.4.7. Outras actividades (OA)

4.4.7.1. Centro de Linguas

4.4.7.2. Director/a de Cátedra/Aula Institucional

4.4.7.3. Coordinador/a da UDC ciencia

4.4.7.4. Proxectos internacionais correspondentes a accións de Erasmus +

4.4.7.5. Secretaría dos cursos da International Summer School da UDC

4.4.7.6. Xestión de Programas de Doutoramento autorizados conforme ao RD 99/2011

4.5. Proxectos fin de carreira (titulacións non adaptadas ao EEES)

Disposición adicional

#### 5. Anexos

5.1. Anexo da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías ás instrucións para cubrir o PDA 2014/2015

5.2. Información sobre soporte técnico

## 1. Consideracións previas

---

### 1.1. Política de contratacións

As restricións orzamentarias para o ano 2015, cun teito de gasto igual que os dous anos anteriores e con partidas incluídas no Capítulo I (recoñecemento de quinquenios, trienios, sexenios, complementos autonómicos) que as someten a unha presión alcista, fan necesario ser prudentes coa política de contratación de profesorado. Segue sendo o criterio prioritario do goberno da UDC manter o emprego e dar aos profesores e investigadores que se estiveron formando con éxito na nosa Universidade a posibilidade de estabilizarse cando finalicen o seu contrato.

Tendo en conta as mencionadas restricións e limitacións legais que impoñen as leis orzamentarias, tanto a nivel estatal como autonómico, en relación á contratación de persoal nas universidades, xa que logo, para o curso académico 2015/16, as liñas xerais da política de profesorado, ás que deberán axustarse as posibles peticións dos Departamentos, serán as seguintes:

1. A relación de prazas de promoción de Titular de Universidade a Catedrático/a de Universidade, as de promoción de Profesor/a Contratado/a Doutor/a a Titular de Universidade e as de Axudante Doutor/a e Investigadores do Programa Isidro Parga Pondal a Profesor/a Contratado/a Doutor/a (PCD), determinaranse na correspondente oferta de emprego público
2. Suspendese a posibilidade de convocar prazas de Axudante para o curso académico 2015/16
3. Convocaranse as prazas de Profesor/a Axudante Doutor/a derivadas dos procesos de estabilización de Axudantes que contén coa acreditación de Profesor/a Axudante Doutor/a e que rematan o seu contrato ao longo do curso académico 2015/16
4. Convocaranse prazas de Profesor/a Contratado/a Doutor/a derivadas dos procesos de estabilización de Axudantes Doutores/as e investigadores Parga Pondal que contén coa acreditación a Profesor/a Contratado/a Doutor/a. Os esforzos concéntranse primeiro en manter a súa vinculación contractual coa UDC mediante a figura que autorice a Xunta de Galicia como paso previo a súa estabilización como PCD. As prazas de profesor Axudante Doutor que, por mor dos límites da taxa de reposición, non poidan transformarse en PCD e interinamente se transformen en Contratado/a Interino/a de Substitución (CIS) a tempo completo ou praza autorizada, terán unha dedicación en POD de 240 horas.
5. Proponse a prórroga daqueles contratos de Axudante e Profesor/a Axudante Doutor/a que finalicen antes do 31 de agosto de 2016 e cuxa duración, incluída a súa prórroga, non exceda de cinco anos e sempre que a duración conxunta entre as dúas figuras non exceda dos oito anos.
6. Establecerase un programa para reducir o número de Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución e Asociados/as que contén cunha acreditación da ACSUG ou ANECA, e a súa transformación mediante concurso en Profesores/as Axudantes Doutores/as. O número de prazas e o procedemento de solicitude elaboraranse antes da aprobación de POD.
7. O departamento fará chegar á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente a proposta de renovación que estime oportuna, de acordo coas necesidades docentes das áreas de coñecemento, dos contratos:
  - Dos/as Profesores/as Asociados/as, Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución e Lectores (ou figuras similares) para o curso académico 2015/16

- Dos/as Profesores/as con contrato laboral e 65 ou máis anos de idade
8. Suspendese a contratación de novos Profesores Eméritos para o curso 2015/16.
  9. Os/as investigadores/as e o persoal de investigación contratado colaborará nas tarefas docentes, de acordo coas seguintes normas:
    - A.- Investigadores do Programa Ramón e Cajal, Juan da Cierva e do Sistema Español de Ciencia Tecnoloxía e Innovación poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos ou materias cunha dedicación de ata 80 horas
    - B.- Investigadores do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011/2015 (Plan I2C):
      - Modalidade A: poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos ou materias cunha dedicación de ata 80 horas
      - Modalidade B: poderán colaborar na docencia, impartir clases e ser responsables de grupos ou materias cunha dedicación de ata 120 horas
    - C.- Contratados/ bolsellos FPI, FPU, contratados/as de apoio á etapa predoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011/2015 (Plan I2C) ou similares:
      - Poderán colaborar na docencia no período que autorice a convocatoria do seu contrato, ata un máximo de 60 horas prácticas
      - Non poderán ser responsables de grupos ou materias
  10. Establécese a data de finalización da elaboración do POD como límite para a remisión das solicitudes de renovación do profesorado contratado interino e asociado
  11. Establécese a data de finalización da elaboración do POD como límite para a recepción de propostas de convocatoria de prazas de profesorado para a organización docente do próximo curso

## 1.2. Profesorado laboral con 65 ou máis anos

O II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, sinala que o profesorado contratado deberá xubilarse obrigatoriamente aos 65 anos. Non entanto, o/a traballador/a poderá solicitar a prolongación da permanencia en activo ata os 70 anos de idade como máximo. A universidade poderá, de forma motivada, aceptar ou denegar a prolongación.

Neste suposto a Universidade da Coruña non prorrogará os contratos dos/as profesores/as con contrato laboral que teñan 65 anos de idade e 35 anos e 9 meses ou máis anos cotizados ou 65 anos e tres meses de idade e menos de 35 anos e 9 meses cotizados<sup>1</sup>, si existe exceso de capacidade na súa área de coñecemento. Esta extinción do contrato estará condicionada a que se poda ter acceso ao 100% da contía da pensión de xubilación (para o ano 2015 establecido en 35,5 anos cotizados).

---

<sup>1</sup> Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de junio, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de la Seguridad Social.

O profesorado contratado en réxime laboral que cumpra 65 ou máis anos ao longo do curso académico 2015/16 e pretenda prorrogar o seu contrato, deberá solicitar a prorroga antes do 15 de abril de 2015. Acompañarán á súa solicitude un informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, mutualismo ou documento similar.

### 1.3. Ano académico para os efectos de xubilación do PDII

Para os efectos de prórroga na prestación de servizos docentes do profesorado universitario, se considera que o curso académico iníciase o 1 de setembro e remata o 31 de agosto.

## 2. Elaboración do encargo docente do centro

---

### 2.1. Disposicións xerais

O centro deberá realizar o encargo da docencia de cada materia ás áreas de coñecemento e aos departamentos que lles corresponda.

A proposta de grupos deberá ser efectuada polo centro tendo en conta o aumento ou diminución do número do alumnado nalgún curso e/ou materia. Os aumentos de grupos que propoña o centro deberán ser xustificados axeitadamente. Para estimar o número de estudantes dunha materia computarase todo o alumnado de nova matrícula, e sumarase o alumnado de segunda e sucesivas matrículas ata un máximo do 20% dos estudantes de primeira matrícula de cada materia.

No caso de encargarse a docencia dunha materia a máis dunha área ou departamento, debe especificarse o reparto de horas que corresponder. No caso das materias de grao o encargo poderá facerse entre as áreas ás que se fixo a adscripción funcional e ao departamento que o centro considere.

### 2.2. Mencións/Itinerarios/Especialidades

Transitoriamente, non se impartirán as mencións en graos con menos de 10 estudantes, agás que se asuma sen petición de prazas, isto é, ningunha área que imparta docencia na mesma pode xustificar a necesidade de prazas en base ás horas que imparte na mención.

### 2.3. Grupos de titorías en grupo reducido

Poderán reducirse/eliminarse, transitoriamente, horas de titoría en grupos reducidos naquelas materias que non podan ser impartidas polo profesorado con vinculación permanente ou con compromiso de estabilización.

### 2.4. Cómputo de disciplinas optativas

Nas titulacións onde a oferta de optativas permita escoller unha entre tres alternativas reducirase, como máximo, a unha de dúas.

Na oferta de optativas das titulacións terán preferencia as áreas onde exista capacidade docente suficiente con profesorado permanente.

Non se ofertarán materias optativas que no curso 2014/2015 tivesen matriculados menos de dez alumnos (agás que sexan necesarias para garantir a optatividade na titulación)

### 2.5. Docencia en materias básicas

Antes de contratar novo profesorado para unha área de coñecemento determinada, comprobarase se esta imparte docencia en materias básicas. En caso afirmativo, reasignarase a docencia das materias básicas a/s área/s afín/s que contén con exceso de capacidade.

### 2.6. Cómputo das disciplinas nos estudos de Mestrado

No caso de que un Centro oferte estudos de Mestrado, enténdese que as áreas de coñecemento que teñen adscrita dita docencia contan con profesorado suficiente e que, xa que logo, fanse responsables de garantir que se imparta a docencia planificada ante calquera cambio imprevisto na capacidade docente.

No caso de mestrados interuniversitarios e nos mestrados nos que existen materias impartidas por profesorado externo á UDC, as horas que imparte dito profesorado non están adscritas a ningunha área de coñecemento, polo que de manterse esta situación no curso académico 2015/2016, deberán deixarse ditas horas sen distribuír entre as áreas. As UADIs deberán contactar co Negociado de Planificación do PDI co fin de que se dean as instrucións oportunas para poder engadir en Xescampus o profesorado pertencente a outras institucións distintas da UDC e que non figuren na aplicación

A carga lectiva dos ensinos conducentes á obtención de títulos de Mestrado Universitario terase en conta a efectos da estimación da participación académica da área de coñecemento á que estea adscrita.

O POD dos mestrados universitarios deberá ser aprobado pola súa Comisión Académica e contar co visto e prace do/a decano/a ou director/a do centro responsable, antes de remitilo á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

### 2.7. Novos mestrados que teñan previsto o seu inicio no curso 2015/16

Os centros remitirán ao Negociado de Planificación do PDI ou á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente a relación de áreas de coñecemento (departamento e área) de cada unha das materias do mestrado, no caso de non telo feito con anterioridade.

Recoméndase que se remitan as áreas o máis axiña posible co fin de poder cumprir cos prazos de elaboración da PDA.

### 2.8. Prácticum en titulacións adaptadas ao EEES

Para o cálculo da participación académica nas materias de prácticum teranse en conta as seguintes variables:

- O número de estudantes matriculados por primeira vez.
- O número de créditos asignados ao prácticum no Plan de Estudos
- A titulación

As horas correspondentes a cada materia serán asignadas ao centro responsable da titulación que as distribuirá na elaboración do PDA entre os departamentos que correspondan.

### 2.9. Comunicación da finalización do encargo docente

Os centros deberán confirmar que realizaron o encargo docente á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, empregando principalmente o correo electrónico (sen necesidade de enviar unha copia impresa). A vicerreitoría unha vez revisado o PDA e confirmados os datos, remitirá unha copia para que sexa asinada polo centro.

Unha vez que se revise a proposta de grupos pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, será incorporada ao POD e comunicarse aos departamentos a apertura do prazo para a asignación do encargo docente.



### 3. Asignación do encargo docente polos departamentos

#### 3.1. Obrigas docentes do profesorado

A dedicación docente do profesorado está recollida na Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador (aprobada por Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014), que se achegará con este documento.

#### 3.2. Obrigas de titoría do profesorado

Categoría	Horas titoría <sup>2</sup>
Catedrático/a de universidade <sup>3</sup>	180
Titular de universidade <sup>3</sup>	180
Catedrático/a de escola universitaria <sup>3</sup>	180
Titular de escola universitaria <sup>3</sup>	180
Profesor/a INEF	180
Profesor/a numerario/a E.O. Náutica	180
Mestre/a de taller E.S.Mariña Civil	180
Profesor/a contratado/a doutor/a	180
Profesor/a colaborador/a	180
Axudante	60
Axudante doutor/a	180
Profesor/a contratado/a interino/a de substitución a TC	180
Lector a TC	180
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P06)	180
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P05)	150
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P04)	120
Prof. asociado/a, interino/a de substitución e lector (P03)	90
	En proporción:
Investigador/a contratado posdoutoral	80h docencia/60 h titorías 120h docencia/90 h titorías
Bolseiro/a <sup>4</sup> , Investigador/a contratado/a predoutoral <sup>4</sup> (só docencia práctica, docencia interactiva e titoría en grupo reducido )	0

<sup>2</sup> Distintas das titorías de grupos reducidos. Distribuídas entre os meses de setembro a xullo

<sup>3</sup> Profesores vinculados ao sistema sanitario: 3 horas semanais de titorías (Real decreto 1652/1991)

<sup>4</sup> Non poden ser responsables de materia nin asinar actas

### 3.3. Criterios para levar a cabo as titorías

Con carácter xeral as titorías realizaranse de acordo cos seguintes criterios:

- a) Para realizar unha adecuada atención aos/ás estudantes e, atendendo as obrigas docentes do profesorado poden establecerse tres horarios durante o curso:
  - I. Período de actividades académicas docentes do primeiro cuadrimestre
  - II. Período de actividades académicas docentes do segundo cuadrimestre
  - III. Período de actividades de avaliación da segunda oportunidade
- b) As titorías realizaranse durante o horario de apertura dos Centros da Universidade da Coruña.
- c) Non coincidirán en ningún caso co tempo de docencia asignado ao/á profesor/a e procurarán axustarse ás quendas de docencia, se os houbera, de modo que se posibilite a asistencia do/a estudante.
- d) Para atender a todos/as os/as estudantes, o/a profesor/a distribuirá durante os dous semestres as súas horas de titorías entre aqueles Centros entre os que imparte docencia.
- e) As titorías levaranse a cabo no despacho habitual do/a profesor/a correspondente, nas dependencias que este estime máis adecuadas para o seu mellor desenvolvemento ou nos espazos que habiliten os Centros para tal efecto. En ningún caso poderán desenvolverse en edificios ou instalacións alleas á Universidade da Coruña. O profesorado vinculado ao sistema sanitario e os/as profesores/as asociados/as en Ciencias da Saúde poderán realizar as súas titorías nos Centros Sanitarios nos que desenvolvan a súa actividade.
- f) Polo menos deberase garantir 2 horas de titorías semanais durante o período lectivo con docencia.
- g) A fracción mínima de horas de atención ao/á estudante será de 1 hora diaria
- h) A fracción máxima de horas de atención ao/á estudante será de 3 horas diarias
- i) Tras a finalización do período lectivo determinado no calendario académico, o profesorado con dedicación a tempo completo poderá acumular as súas horas de titorías ata un máximo de tres horas diarias

O profesorado rexistrará as súas titorías a través da aplicación xerada para tal efecto pola Universidade da Coruña.

Os bolseiros/contratados de investigación da Universidade da Coruña (FPI, FPU ou similares) poderán colaborar en actividades docentes prácticas baixo a supervisión do/a seu/súa titor/a ata o máximo permitido pola lexislación vixente. A actividade titorial neste caso é responsabilidade do/a profesor/a titor/a.

Os criterios específicos que, en atención ás singularidades da docencia impartida, puideran establecer os Departamentos non poderán, en ningún caso, ir en contra do establecido nos apartados anteriores.

### 3.4. Principios xerais de asignación do encargo docente

Os departamentos deberán procurar que, na medida do posible, cada grupo dunha determinada materia só sexa impartida por un/unha profesor/a e como máximo dous/dúas. No caso de que máis dun/dunha profesor/a compartan a docencia dunha materia, o departamento deberá encargarse a un/unha deles/las a elaboración da Guía Docente, a coordinación da materia e a responsabilidade a efectos de asinar as actas.

Non se poderá encargarse docencia aos/ás profesores/as asociados/as e contratados/as interinos/as de substitución nun área distinta a súa, se xa lle foi encargada como “*docente non propio*” nos dúos últimos cursos académicos, agás que se trate de áreas afíns en materias de formación básica.

Transitoriamente, antes de contratar novo profesorado para unha área determinada, comprobarase se en calquera das materias nas que ten asignada a docencia existen outras áreas con excedentes docentes.

Antes de contratar novo profesorado, instarase aos departamentos a asignarlles tarefas docentes aos bolseiros/contratados de investigación, sempre que a convocatoria das bolsas/contratos o permita.

A asignación da docencia poderá modificarse ao longo do curso académico, sempre que existan causas obxectivas que o xustifiquen e tratando de que a modificación afecte o menos posible ao encargo inicialmente fixado, para que o profesorado poda planificar de maneira óptima as súas actividades.

### 3.5. Docencia durante o primeiro cuadrimestre

Os departamentos que se atopen pendentes de contratación de profesorado no momento de confeccionar a asignación do encargo docente, deberán cubrir obrigatoriamente co profesorado existente a docencia das materias anuais, as materias cuadrimestrais que se impartan no primeiro cuadrimestre do curso e a oferta de dirección de TFGs e TFMs que se teña que realizar ao inicio de curso académico, de xeito que se garanta o comezo da docencia. Darase prioridade ás materias de formación básica e obrigatorias e en segundo lugar ás optativas.

No momento en que se formalicen as contratacións, o departamento poderá modificar a asignación realizada inicialmente.

Os grupos das materias do segundo cuadrimestre poderán excepcionalmente axustarse en función da matrícula real do curso académico 2015/16.

### 3.6. Materias de plans de estudos en extinción

Deberá designarse como mínimo un/unha profesor/a encargado/a de realizar a avaliación do alumnado das materias dos plans a extinguir nas que non exista docencia. Estas materias aparecen no encargo de docencia con un grupo de teoría e cero horas asignadas.

O alumnado matriculado nunha materia sen docencia nun plan de estudos en extinción, terá dereito a ser recibido polo/a profesor/a encargado da súa avaliación durante o seu horario de titorías.

### 3.7. Desprazamento por docencia a outra localidade distinta da de destino

O profesorado desempeñará preferentemente o seu labor nunha única localidade.

Os departamentos cubrirán en primeiro lugar a docencia dos Campus de Ferrol ou A Coruña co profesorado cuxo nomeamento ou contrato sexa para centros do Campus de Ferrol ou A Coruña, respectivamente.

No caso de que teña que desenvolver o seu labor en máis dunha localidade, será necesario un informe razoado do departamento coa conformidade do/a profesor/a.

### 3.8. Comunicación da finalización da asignación do encargo docente

Aqueles departamentos con necesidades de contratación de profesorado como consecuencia da elaboración do POD, deberán axilizar a súa elaboración e remitir o máis axiña posible as peticións de contratación, tanto do primeiro como do segundo cuatrimestre. Esta urxencia ven motivada porque os prazos que estableza a norma da Xunta de Galicia de provisión temporal de postos de PDI, poden impedir que o profesorado estea contratado antes do comezo do curso académico 2015/16.

As incidencias que podan xurdir durante o proceso de elaboración do POD (solicitude de alta de bolseiros, problemas gravación da datos, etc.), deberán comunicarse a través dos correos electrónicos que aparecen no anexo 5.2 segundo o tipo de incidencia de que se trate.

Tras incorporar os datos ao POD os departamentos, comunicarán por correo electrónico (sen necesidade de enviar unha copia impresa do POD) a finalización do proceso de gravación dos datos en Xescampus.

Por correo interno deberán remitir as solicitudes de renovación do profesorado contratado e as outras solicitudes que se estimen oportunas.

A vicerreitoría unha vez revisado o POD e confirmados os datos, remitirá unha copia para que sexa asinada polo departamento correspondente.

## 4. Xestión e aplicación da normativa de dedicación do 28/11/2014

---

### 4.1 Disposicións xerais

Cada departamento deberá revisar os datos do seu POD que aparecen precargados en Xescampus co fin de comprobar que a dedicación do seu profesorado se axusta ao disposto na Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador (aprobado en CG do 28/11/2014)

### 4.2 Dedicación Académica (DA)

Xescampus xa reflicte a dedicación académica que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI.

Tomarase como referencia os sexenios recoñecidos con efectos económicos e administrativos entre 01/01/2008 e o 31/12/2014.

### 4.3 Encargo Docente

#### 4.3.1. Dirección de Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Mestrado (TFM)

Remítense a cada centro os datos do profesorado que dirixiu TFG ou TFM entre o 1/01/2014 e o 31/12/2014. As direccións de centros comprobarán que son correctos e, no caso de detectar algunha incidencia deberán comunicala á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente no momento de elaboración da PDA, para proceder á súa corrección.

#### 4.3.2. Membros das Comisión de Avaliación dos TFG e TFM

Remítense a cada centro os datos do profesorado que participou na comisión de avaliación de TFG ou TFM entre o 1/01/2014 e o 31/12/2014. As direccións de centros comprobarán que son correctos e, no caso de detectar algunha incidencia deberán comunicala á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente no momento de elaboración da PDA, para proceder á súa corrección.

#### 4.3.3. Tutorización Académica de Prácticas Externas Optativas en Empresas e outras Institucións

As direccións de centros remitirán á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente no momento de elaboración da PDA os datos do profesorado que titorizou prácticas externas curriculares entre o 1/01/2014 e o 31/12/2014. Para isto prepáranse o impreso que se facilite.

#### 4.3.4. Dirección de Teses de Doutoramento

Xescampus xa reflicte a dedicación académica que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Escola Internacional de Doutoramento entre o 01/01/2013 e o 31/12/2014.

#### 4.3.5. Docencia en Galego/Inglés

##### Novas solicitudes

Os departamentos deberán remitir á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, co visto e prace das direccións dos centros onde se imparta a docencia, as solicitudes de recoñecemento de horas, co fin de que se autorice a súa inclusión no POD.

No caso de tratarse de docencia en inglés, a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente remitirá a solicitude para que sexa informada pola da Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación, co fin de que acredite que as materias forman parte dun programa docente bilingüe, agás no caso de materias optativas.

##### Prórroga de solicitudes

Para o profesorado que tiña redución de horas por impartir docencia en galego/inglés e lle resten un ou dous anos, sempre que continúen impartido a docencia en dito idioma, os departamentos deberán remitir as solicitudes de prórroga co visto e prace da dirección do centro onde se imparta a docencia. No caso de que o informe do centro sexa negativo, deberá facerse mención expresa aos motivos que xustifiquen o sentido dese informe.

Para poder prorrogar o recoñecemento de horas por galego, debese impartir neste idioma como mínimo o 50% da docencia encargada.

No caso de tratarse de docencia en inglés, seguirase o procedemento que establece o segundo parágrafo do apartado de “*novas solicitudes*”.

##### Titorías de galego/inglés

Os Departamentos de Galego-Portugués, Francés e Lingüística e o de Filoloxía Inglesa terán unha asignación 100h no seu POD para distribuír entre aqueles/as profesores/as que colaboren na titoría do profesorado que inicie a docencia das disciplinas en galego e inglés. O contido das actividades de titoría serán acordadas polos departamentos, o Servizo de Normalización Lingüística e a Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación.

A titoría do profesorado que inicie a súa docencia en inglés limitarase aos centros que establezan un plan de fomento da docencia nesta lingua e realizarse durante dous cursos académicos.

Ao finalizar o curso académico os Departamentos de Galego-Portugués, Francés e Lingüística e o de Filoloxía Inglesa deberán realizar unha memoria das actividades que foron realizadas e remitala á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

#### 4.4 Compensacións e Reducións Docentes

##### 4.4.1. Por Actividades de Xestión Universitaria (AXU)

Xescampus xa reflicte a compensación por cargo que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI e na Secretaría Xeral da Universidade.

A compensacións pola xestión realizada en períodos inmediatamente anteriores deberá solicitala o departamento para o profesorado que se pretenda acoller a ela, tendo en conta que, unha vez que se solicite, aplicarase obrigatoria e ininterrompidamente durante catro anos consecutivos, e será incompatible coa solicitude de ano sabático durante o período de 10 anos desde o cesamento.

#### 4.4.2. Representación Sindical do PDI

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que foron facilitados polos órganos de representación do PDI.<sup>5</sup>

#### 4.4.3. Recoñecemento como apoio á actividade docente dos centros (RAADC)

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente enviará ás direccións dos centros, no momento de elaboración da PDA, os datos relativos á bolsa de horas que lle corresponde segundo os datos facilitados palas vicerreitorías con competencia en cada un dos apartados.

As direccións dos centros deberán incorporar as horas que lle corresponden pola “*Titorización académica de Prácticas Externas extracurriculares en empresas e outras insitucións*”. Para isto deberá xustificar suficientemente o número de prácticas que foron titorizadas no curso académico 2013/14, e engadir 2 horas por cada estudante que realizase 300 horas de prácticas.

Os centros poderán distribuír do xeito que consideren máis oportuno a bolsa de horas, tendo en conta que a compensación de horas por este apartado é incompatible con calquera outra redución por xestión. Os centros no prazo de elaboración da PDA farán chegar esta distribución á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente empregando os modelos que se achegan cos datos que se remitan.

#### 4.4.4. Méritos docentes

##### 4.4.4.1 Avaliación positiva no programa DOCENTIA

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Unidade Técnica de Calidade que estean en vigor o 31/12/2014.

##### 4.4.4.2 Quinquenios

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI que estean concedidos ou solicitados e cumplan os requisitos para a súa concesión o 31/12/2014.

#### 4.4.5. Actividades de Intensificación en Investigación e Transferencia (AIIT)

##### 4.4.5.1 Participación en proxectos de investigación de carácter competitivo

O IP do proxecto deberá solicitar aos departamentos afectados a inclusión da compensación de horas por este concepto, para o que deberá achegar a carta de concesión do proxecto e o reparto das horas entre o profesorado que considere oportuno.

##### 4.4.5.2 Presentación de proxectos ás convocatorias do programa H2020

Para a inclusión da compensación de horas en POD deberán cumprirse dous requisitos:

1º. Que o proxecto (sexa financiado ou non) xa fora efectivamente presentado a data 31/12/2014.

2º. Que conte con informe positivo do consultor de apoio designado pola OTRI ou dos técnicos da OTRI. Este informe acreditará a calidade formal da proposta.

---

<sup>5</sup> Debido ao proceso electoral que se desenvolverá ao longo do primeiro semestre do ano 2015, os datos correspondentes a este apartado poden sufrir variacións



Do mencionado informe, que deberá solicitarse á OTRI, e no que xa figuran o total de horas a repartir, enviarase unha copia á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, xunto co reparto das horas que faga o profesor/a responsable do proxecto.

#### 4.4.5.3 Participación en contratos con entidades que reverten fondos á UDC

A vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao PDI responsable do contrato ou convenio, en función da información que foi facilitada pola OTRI, a distribución da compensación de horas entre os membros do equipo.

O/A responsable fará constar que ningún membro do equipo, entre os que se reparten horas, ten participación na/as empresa/s asinantes do convenio ou contrato.

#### 4.4.5.4 Coordinación de grupos de investigación

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará a os/as coordinadores/as dos grupos de investigación o reparto da compensación de horas que corresponda en función da cualificación do grupo que foi realizada pola Agencia Nacional de Evaluación e Prospectiva (ANEP) e que estea en vigor o 31/12/2014.

Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

#### 4.4.6. Méritos de investigación (MI)

##### 4.4.6.1 Tramos de investigación de profesorado permanente a tempo completo e dedicación igual a 320 h

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI con data do 31/12/2014.

##### 4.4.6.2 Catedráticos/as de Universidade con tres avaliación positivas da actividade investigadora

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan no Servizo de PDI con data do 31/12/2014.

##### 4.4.6.3 Avaliación da ANEP dos/as investigadores/as da UDC

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia con data do 31/12/2014.

#### 4.4.7. Outras actividades (OA)

##### 4.4.7.1 Centro de Linguas

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará ao/á director/a do Centro de Linguas o reparto da compensación que corresponde por este apartado.

Estes datos deberán estar incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

##### 4.4.7.2 Director/a de Cátedra/Aula Institucional

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Secretaría Xeral da Universidade con data do 31/12/2014.

##### 4.4.7.3 Coordinador/a da UDC ciencia

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e na Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura con data do 31/12/2014.



#### 4.4.7.4 Proxectos internacionais correspondentes a accións de Erasmus +

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación con data do 31/12/2014.

#### 4.4.7.5 Secretaría dos cursos da International Summer School da UDC

Xescampus xa reflicte a compensación que corresponde a cada profesor/a segundo os datos que constan na Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación con data do 31/12/2014.

#### 4.4.7.6 Xestión de Programas de Doutoramento autorizados conforme ao RD 99/2011

No caso de que o/a coordinador/a do programa non exerza ningún cargo de xestión, de oficio, aplicarase a el/ela a compensación deste apartado.

En caso contrario, a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente solicitará aos/ás coordinadores/as dos Programas de Doutoramento a distribución das horas deste apartado.

Estes datos estarán incorporados en Xescampus no momento en que se inicie a elaboración do POD.

### 4.5 Proxectos fin de carreira (titulacións non adaptadas ao EEES)

Poderase computar ata un máximo de 30 horas por dirección de proxectos fin de carreira, sempre que este non figure como materia con horas atribuíbeis no plano de estudos. Para este computo terase en conta os proxectos dirixidos no curso académico 2013/14, computando 10 horas por cada 3 estudantes que teñan o proxecto superado.

#### Disposición adicional

#### Interpretación da norma

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación do Consello de Goberno, será a encargada de dilucidar calquera dúbida ou problema en relación coa interpretación deste procedemento.

## 5. Anexos

### 5.1. Anexo da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías ás instrucións para cubrir o PDA 2015/2016

Faise necesario pedir a colaboración dos Centros no procedemento de elaboración do PDA para facilitar outros procesos posteriores relacionados coa xestión académica. De seguido se relacionan os datos que se precisan en XESCAMPUS.

#### **CENTROS**

- Mestrado interuniversitario. Necesitamos saber as universidades do Sistema Universitario de Galicia nas que se imparte cada materia. Engadir na pantalla de “Planificación/Inclusións”.
- Materias que se extinguen ou que non terán docencia pero nas que existe o dereito a exame (marcar coa característica EX/MX). Marcar esta característica e poñer Grupos 1 (de teoría) e horas 0, para poder asociar un/unha profesor/a no proceso de POD (so actas), que cualifique aos estudantes e asine as actas correspondentes.
- Materias sen docencia nin dereito a exame. Marcar a característica XT/NM, extinguida non matriculable.
- Convocatoria. Asociar correctamente o cuadrimestre (1º, 2º) ou convocatoria anual en cada caso.
- Libre elección. Marcar este indicador nas optativas que corresponda, poñer número de prazas e titulacións excluídas.
- Primeiro primeira vez. Sinalar esta condición nas materias asociadas aos estudantes de primeiro curso.
- Terase en conta que nas materias optativas que teñan o mesmo código de materia máis un código de sección distinto (as disciplinas con grupo común para diferentes titulacións do centro) deberá facerse o encargo de docencia na de MENOR código de sección. No caso de que se especifiquen grupos noutros códigos superiores, quedarán anulados.

#### **CONSECUENCIAS DE NON SEGUIR ESTAS INDICACIÓNS**

- Imposibilidade de transmitir electronicamente, información correspondente a mestrados interuniversitarios, entre as universidades.
- Actas sen profesor/a que cualifique e asine.
- Matrícula en materias extinguidas.
- Actas en cuadrimestres incorrectos.
- Alumnos/as matriculados/as en cuadrimestres incorrectos. Afecta ás actas e listaxes.
- Matrícula de libre elección en materias non ofertadas ou extinguidas.
- Matrícula de estudantes de primeiro primeira vez incorrecta.
- Aparición de materias extinguidas na avaliación do profesorado.

## 5.2. Información sobre soporte técnico

Conéctese co seu navegador Web á páxina:

---

<https://xescampus.udc.es>

---

Se vostede, unha vez que leu detidamente a documentación que se achega, ten algunha dúbida ou problema sobre o procedemento, pode poñerse en contacto co persoal da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

### Preguntas **sobre o procedemento**:

---

<i>María Teresa López Martínez</i>	Xefa do Negociado de Planificación do PDI Servizo de Persoal Docente e Investigador	1072	<a href="mailto:xestionpod@udc.es">xestionpod@udc.es</a>
--------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------	------	----------------------------------------------------------

---

<i>Roberto J. Nuez Sánchez</i>	Secretario Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente	1184	<a href="mailto:vppd@udc.es">vppd@udc.es</a>
----------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------	------	----------------------------------------------

---

### Preguntas de **carácter técnico**:

---

<i>Montse Fernández Casal</i>	Servizo de Informática e Comunicacións	1016	<a href="mailto:montserrat.fernandezc@udc.es">montserrat.fernandezc@udc.es</a>
---------------------------------------	-------------------------------------------	------	--------------------------------------------------------------------------------

No caso de non dispor da clave de acceso a Xescampus debera remitir ao correo electrónico [axap.sic@udc.es](mailto:axap.sic@udc.es) o impreso que pode atopar en:

[http://www.udc.es/export/sites/udc/aspau/galeria\\_down/documentos/Alta\\_Xescampus.doc](http://www.udc.es/export/sites/udc/aspau/galeria_down/documentos/Alta_Xescampus.doc)